

**FECAE**  
**FEDERACIÓN DE COOPERATIVAS ANDALUZAS DE ENSEÑANZA**

Rafael MORENO HERNÁNDEZ

Sinálanse as tarefas e as dificultades da FECAO, que agrupa a 62 cooperativas de ensino de traballo asociado, das 93 existentes en Andalucía.

A Federación de Cooperativas Andaluzas de Ensino (FECAE) xorde en 1981 como unha necesidade de coordinar ás cooperativas de ensino (C.E.) que foron nacendo ó longo dos anos 70 e inicio dos 80. Estas cooperativas, na súa maioría, poceden de centros privados que entran en crise por diversos motivos, entre os que cabería citar: o maior control que de algúns xeito realiza a Administración co réxime de subvencións, e, sobre todo, o que se aveciñaba coa LODE (Lei Orgánica de Educación) e o réxime de Concertos.

Ademais destas orixes, nas cooperativas de ensino hai que engadir o de aquelas nacidas como consecuencia do alto paro no sector dos recén titulados que optan pola fórmula de autoemprego en cooperativas, e dada a coiuntura que se produce en Andalucía de necesidade de postos escolares. Son unhas vinte.

Así, pois, vemos que a realidade andaluza no referente a C.E., céntrase en cooperativas de profesores, e dicir, de traballo asociado (CETA), dándose a peculiaridade de que non existen cooperativas de pais, e dicir, de consumo. Os poucos casos en que éstas naceron duraron pouco no tempo e terminaron en fracasos económicos.

Este dato das CETAS andaluzas, proceder de centros en crise, é a causa dunha situación económica e empresarial deficiente que, gracias a FECAE, estamos comezando a resolver.

En Andalucía existen 93 cooperativas de ensino en funcionamento, todas elas de Traballo Asociado; destas atópanse en FECAE o 60 por 100, concretamente 62, (as E.I. son difíciles de coordinar).

Segundo o tipo de centros, existen 32 Escolas Infantís, 44 de EXB, 7 de FP. 3 de BUP, 1 de Educación Especial, 2 de Formación Ocupacional e 4 Granxas Escolas.

Estes datos supoñen unha cifra de 800 socios, aproximadamente, e uns 25.000 alumnos, en FECAE.

Ademais, existen tres colexios que se constituíron como S.A.L.

Nos seus inicios FECAE tan só se adicou a coordinar algunas iniciativas de cara á Administración Autonómica co fin de obter algunas avantaxes para as cooperativas. É a partir de 1985 cando aumenta o número de CETAS e comenza a formalizarse estratexias para consolidar este grupo que vai nacendo. E inicianse varios frontes; ante a Administración Autonómica, ante o movemento cooperativo autonómico e estatal, ante o educativo e ante o económico-empresarial.

Hoxe estamos representados, con voz e voto, no Consello Escolar de Andalucía, nos Consellos Escolares Provinciais e en algúns locais, nas Mesas de concertación, nas Mesas de ensino privado....; aceptáronnos como algo distinto. Que nos escoite a Administración non quere dicir que consigamos moito, pois, por un lado, teñen moito medo a agraviar ás poderosas patronais da privada, e por outro lado, case todo o que lexislan é a remolque e semellanza de Madrid. Na Consellería de Traballo, da que dependemos como sociedades cooperativas, sempre atopamos boa acollida, algunas axudas, e dende logo, recoñecemento. Estamos representados no Consello Andaluz de Cooperación e participamos nas Comisións de Traballo que se constitúen.

Temos un campo moi difícil ante o económico-empresarial, pois o feito de cómo se orixinan as cooperativas, case todas forzosamente, implica dúas consecuencias difíciles de corrixir. Por un lado, temos o investimento inicial, a compra ou a construción dun colexio. Sabedes de sobra os prezos que se pagaron e quen os pagou; no noso caso traballadores do ensino que non dipoñen de capital inicial na maioría das ocasións, por eso non teñen máis remedio ca acudir ós préstamos colectivos ou individuais con xuros elevados. Isto leva a un endebedamento das cooperativas que, dada a súa pouca capacidade de amortización, só teñen dúas saídas, o convertírense en morosos constantes da Banca co seguinte aumento de xuros, ou en deixar parados salarios para pagar os préstamos. Ambas situacións, a larga, son prexudiciais para a convivencia na cooperativa ou para a supervivencia da mesma. Convenio débeda.

Por outra banda, temos a nosa mala formación empresarial, preparámonos para ser educadores e case ningún quere adicarse a xerenciar a cooperativa, e os que se atreven non están ben preparados; ademais, non temos diñeiro para pagar unha persoa de fóra. E así nos vai a moitos. Formación.

En consecuencia, temos as mesmas dificultades que todos.... e unha más que afecta no organizativo, a nosa extensión en quilómetros; polo que o coordinarnos con presencia física resultanós ás veces difícil e custoso.

#### **SUMMARY**

Attention is drawn to the tasks and difficulties of FECAE, which assembles sixty-two educational co-operatives of the ninety-three existing in Andalucía.